

Monólogo para Casandra

Son eu, Casandra.
E esta, a miña cidade baixo as cinzas.
E este, o meu bastón, e estas, as miñas fitas de profeta.
E velaquí a miña cabeza ateigada polas dúbidas.

É ben certo, triunfo.
A miña cordura chegou bater no ceo cun rubio lampexar.
Só os profetas que non son cridos
teñen vistas semellantes.
Só aqueles que empezaron a facer mal as cousas,
e todo puido cumprirse tan de socato
coma se non existisen nunca.

Agora lembro con claridade
como a xente, en véndome, calaba á metade da frase.
A risa cortábase.
Separábanse as mans.
Os nenos corrían onda as nais.
Nin sequera coñecía os seus efémeros nomes.
E esa canción sobre a folla verde...
ninguén a rematou na miña presenza.

Eu amábaos.
Pero amábaos desde o alto.
Desde encima da vida.
Desde o futuro. Un lugar sempre hai baleiro
de onde que máis doado ca dexergar a morte.
Láíome de que a miña voz fose áspera.
Mírense desde as estrelas berraba ,
mírense desde as estrelas.
Ouvíanme e abaixaban a mirada.

Vivían na vida.
Cheos de medo.
Condenados.
Desde que nacían en corpos de despedida.
Pero había neles unha húmida esperanza,
unha lapa que se alimentaba do seu propio escintileo.
Eles sabían que era un instante,
for o que for
antes de que...

Eu tiña razón.
Só que iso non significa nada.
E estas son as miñas roupas chamuscadas.
E estes, os meus trebellos de profeta.
E este, o aceno do meu rostro.
Un rostro que non sabía que puidese ser fermoso.